



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE FEBREIRO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e oito de febreiro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 21 de febreiro do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

1. Por parte do Secretario dase conta do escrito presentado por Dona Ana Fidalgo Sánchez con data RE 24 de febreiro de 2011 N° RE 976, relativo a solcitud de información sobre apertura de local.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda solicitar a responsable do arquivo municipal que proceda a comprobar os feitos denunciados.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Medio Rural con data RE 25 de febreiro de 2011 N° RE 995, relativo a “*recepción da obra Saneamento en Francelos*”.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2. Comunicación da Deputación de Ourense con data RE 25 de febreiro de 2011 N° RE 998, relativo a remisión de convenios de colaboración.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AXENTE TIC.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 25.02.2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para Axente Tic, a xornada completa.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 25.2.2011
- 2º- Informe xurídico de data 25.02.2011.
- 3º-Informe de intervención de data 28.02.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de Axente Tic .

OUTORGAMENTO DE LICENCIA DEFINITIVA.-

Vista a solicitude efectuado por **Dona Marta Isabel Díaz Fernández en representación de Vego Supermercados** en data de 14 de xaneiro de 2011 relativa a outorgamento de licencia de 1ª ocupación .

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 21.02.011 no que se dicía o seguinte:

As obras de adaptación do local contan con Licenza de Obras e Licenza de Actividade de data de 20 de decembro de 2010, segundo Proxecto de “Actividade e habilitación interior de baixos comerciais para supermercado Eroski Center con aparcamento vinculado” e o seu Anexo, redactados por Esteo enxeñeiros, os enxeñeiros técnicos industriais D. Ramiro J. Vázquez Vázquez e D. Miguel Vázquez Rodríguez.

Segundo se describe nos antecedentes aportados anteriormente, conta con Informe Favorable do Servizo de Control de Riscos Ambientais da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade e Informe do Servizo de Calidade e Avaliación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dos respectivos Departamentos Territoriais de Ourense da Xunta de Galicia



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

respecto da non necesidade de someter a actividade ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Na visita de comprobación, realizada con data do 16 de febreiro de 2011, obsérvase que o local se axusta ó citado Proxecto Técnico e o seu Anexo, respecto ós que se concederon as correspondentes Licenza de Obras e Licenza de Actividade.

Por elo, informase favorablemente á concesión da Licenza de Apertura solicitada.

Visto o informe xurídico de data 25.02.011 no que se dicía o seguinte:

A edificación conta con licenza de obras de data 08.04.08, procedendose a legalización e outorgamento de licenza de 1ª ocupación (como consecuencia do expediente de reposición de legalidade aberto en data de 27.10.10, ao denegarse a licenza de 1ª ocupación en data de 25.11.010) en data de 04.11.010. Posteriormente se procedeu ao outorgamento de licenza de obras e actividade provisional a entidade Vego Supermercados para o Supermercado Eroski en data de 20.12.010 como consecuencia do expediente de reposición de legalidade aberto en data de 06.09.010.

2º.- Actualmente e visto o informe técnico de data 21.02.011, procedería o outorgamento de licenza definitiva, dado que si a actividade cumpre co proxectado non se podería denegar a licenza definitiva por outros motivos, si ben non se debe esquecer que actualmente a licenza orixinaria da edificación está recurrida ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Ourense.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de apertura e entrada en funcionamento a **Dona Marta Isabel Díaz Fernández en representación de Vego Supermercados**, dunha actividade para supermercado, na Rúa Ribeiro nº41, 43, 53, 57 e 59 cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de **1.541,43 euros**.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ORDE DO 10 DE FEBREIRO DE 2011 POLA QUE SE REGULA OS CRITERIOS DE REPARTICION E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DAS LIÑAS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL.-

“Vista a Orde de 10 de Febreiro de 2011 pola que se regula os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións das liñas en concorrencia non competitivas e concorrencia competitiva destinadas a Concellos da Comunidade Autonoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental, publicada no DOGA nº 30, de 14 de febreiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención para a obra denominada “Ampliación de redes de abastecemento e saneamento na Groba”, de acordo co artigo 5.2.a) da Orde.

Segundo.- Aceptar integramente os termos e prescricións da Orde reguladora e as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma”.

APROBACION FICHAS OBXECTIVOS 2010 (FASE 3) AREA REHABILITACION INTEGRAL SAN CRISTOVO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Ficha Obxectivos 2010 (Fase 3) da denominada “Area de Rehabilitación Integral de San Cristovo (Ribadavia).

APROBACION FICHAS OBXECTIVOS 2010 (FASE 11) AREA REHABILITACION DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Ficha Obxectivos 2010 (Fase 11) da denominada “Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.